



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13.33 horas do día 10 de xaneiro de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña,

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia,

Dona Nicole Grueira Fernández

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asiste sen excusa:

Dona Sonia Cervantes Rivas

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, do pleno extraordinario celebrado en data 11 de outubro de 2023.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación.

A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, intervén para comentar que se absteñen, xa que a acta non recolle a realidade do que pasou.

Sometida a votación queda aprobada por sete votos a favor do (6 PSOE e 1 BNG), e dous do Partido Popular.

2.- Dar conta dos Decretos de alcaldía de datas comprendidas entre o 7 de outubro de 2023 ata o 4 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 7 de outubro de 2023 ata o 4 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.





O Pleno do Concello queda enterado.

3.- Asuntos de urxencia se os houbera.

Non houbo asuntos de urxencia.

4.- Rogos e preguntas.

A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, expón as seguintes cuestións:

- “Se ademais desa área deportiva, había outros proxectos de vivendas, onde se van facer, quen os vai a financiar?”.

Responde o Sr. Alcalde que “hai que buscar financiamento e estase traballando niso pero que tampouco é todo tan fácil”.

- Sobre os orzamentos para este exercicio, “se os teñen elaborados, se se van sacar?”.

Responde o Sr. Alcalde que “se está traballando neles e que este mes non van saír”.

- “Como vai emendar a débeda do Concello, como recadar, subindo impostos intúo?”

Responde o Sr. Alcalde que “de momento non subimos impostos, pero quero que saibas que por exemplo a auga, o 40% do canon lévao Augas de Galicia, esa porcentaxe hai que cargarlles averías, e iso é imposible recadar e están as facturas para poder velas, xa que é unha cravada que nos meteu Naturgy, e seguramente imos cambiar de empresa a ver se hai unha rebaixa importante. Hai por exemplo ganaderías que pagan mil euros cada tres meses que tampouco é moito, pero a auga é un timo porque nos meten a culpa de que cobramos moito pero hai moitas averías”.

Acto seguido, comeza a quenda de preguntas da representante do BNG, Dona María Blanca Fernández Martínez:

- “No anterior pleno comentaches que ías facer un informe respecto se Ana Belén e Sonia, no caso que estivesen de baixa, se se ía poñer a diferenza que houbera co salario mínimo interprofesional e quedastes de facer un informe para ver como estaba iso, se era legal ou non”.

Responde o Sr Alcalde que “toma nota que hai que informar pero pregunta se estaban de baixa laboralmente, porque elas non cobran de momento, non se activou, non quere dicir que elas non estean a traballar, se cadra facémolo con carácter retroactivo, e a Secretaria toma nota e informámosvos”.

- A segunda pregunta, é a seguinte “que viu a subvención da Sociedade Deportiva Pol, que aparte dos 50.000 euros, xa que se lles está pagando aos xogadores nunha categoría que é ínfima e cando se debería de xogarse por afición, pero aparte tamén hai gastos de material deportivo, por exemplo comprados en Porriño, ese material ¿tamén é para a Sociedade Deportiva?”.

Responde o Sr Alcalde que “lle damos unha subvención de 50.000 euros, pero o que lle paga aos xogadores debe preguntarllo á Sociedade Deportiva Pol, que ten un Presidente e débello de preguntar ao Presidente ou á Directiva, nós só asinamos a subvención”.





Comenta Dona María Blanca que “deben buscar patrocinadores e todo o mundo sabe que a Sociedade Deportiva Pol es ti, que sabe por xente que foi o Alcalde a falar co adestrador que ascendeu ó Portomarín, e comenta o Sr. Alcalde que non foi, que ten un Director Deportivo e un Presidente e que ten que dirixirse á Sociedade Deportiva Pol, e que pode facerse socia”.

Discuten sobre se o marido da concelleira do grupo BNG ía regalar unhas botellas de auga á Sociedade Deportiva de Pol, exactamente un palé de botellas de auga e o Presidente da Sociedade estaba encantado xa que así aforraban de compralas, con todo o Sr. Alcalde non estaba de acordo nesa achega e por iso cree a concelleira que o Sr. Alcalde está a contradicirse.

Ao Sr. Alcalde “parécelle que darlle unhas botellas de auga á Sociedade parécelle pouco, e é ser un miserable”.

- A seguinte pregunta é “se houbo algunha chamada de Arcos para ver se se podía desde o Concello ir porque baixou moita terra na estrada, xunto á casa de Lino”.

Comenta o Sr. Alcalde “que lle corresponde á Deputación, que veña a retirar a terra e que aí non ten nada que dicir. Recómendalle a Sra. Concelleira que envíe todo por escrito”.

- Formula Dona María Blanca “si a empresa Adamo que lle está dicindo á xente que a licenza a ten que dar o Concello ou é unha desculpa que poñen eles, polo tema da fibra”.

Responde o Sr. Alcalde, “que pola forma que teñen que actuar, que poñen os postes como lles dá a gana onde queren e mesmo nos rebentaron unhas tubaxes, tíñamos que pararlles todo. Eles teñen a obrigación de meter un escrito de calquera xeito, e está estancado. Se eles non poñen a fibra, é polo que me explicaron que a trouxeron a Mosteiro e empezaron a sacar algunha por aí adiante e foron a Caraño, pero a moitos usuarios non lles deron a línea. Temos que darlles unha autorización para que coloquen os postes, non unha licenza, ao principio non pediron permiso. Agora meteron unha solicitude, parámoslles a obra, se cabrearon e non sei sinceramente como actualmente ten o tema a técnica”.

- A seguinte pregunta que expón a portavoz do Grupo BNG é, “cando se van facer accesos, por exemplo a Mirón, a pista que sae de Lois pasando por Miñares ata a canteira de Arcos, arranxar as fochancas e outras moitas que están intransitables?”.

O Sr. Alcalde responde “que depende de cando lles dan, espera que a Deputación ao termino do mes de abril nos dé material, e contratar persoal”.

- Pregunta Dona María Blanca “se houbo unha selección de persoal de operarios” e contesta o Sr. Alcalde “que case non temos a ninguén porque un renunciou, o outro non veu porque lle parecía pouco e de momento temos unha persoa a media xornada que foi a que aceptou, para realizar as labores de recollida de lixo”.

- Outra pregunta é “se están feitas as contas da festa do Emigrante, se se sabe canto custou en total”.

O Sr. Alcalde responde “que tería que sumalo, sábeo aproximadamente que sobre os trinta mil euros”.

Comenta Doa María Branca Fernández Martínez “que xa che preguntou Dona Nicole, a portavoz do Grupo PP, sobre o orzamento do ano 2024, e se está prorrogado o orzamento do 2023”.

Responde Dona Nicole Grueira, “que se prorrogou o orzamento do ano 2022 e no 2023 non sacaches o orzamento e que do 2023 ao 2024 é unha anomalía, e que se non tes orzamentos non hai proxectos non hai partidas e así vai o Concello. E que non ter orzamentos e que todos os Concellos están a sacalos e non vale que salga en setembro cando xa se está acabando o ano”.

Responde o Sr. Alcalde “que se están elaborando”.





- A seguinte cuestión formulada por Dona María Blanca Fernández Martínez é “se as xornadas de convivencia de colexios relixiosos houbo algún gasto do Concello porque viñeron aquí familias a celebrar un acto relixioso e terían que ter permiso porque utilizaron instalacións do Concello. Ademais, houbo outra de actividades deportivas, de nenos”.

Responde o Sr. Alcalde, “que o chamaron do Colexio da Milagrosa, e deulles permiso para utilizar a carpa, pero non o entende como unha actividade relixiosa pero non lle custou nada ao Concello. Eran sobre 300 e tiveron misa que fun testemuña ao estar alí”.

- A seguinte cuestión formulada por Dona María Blanca Fernández Martínez, “xa que lle chamou a atención os gastos de representación por 23 días un importe de 1.717 euros entre comidas, estancias en hoteis, billetes de avión... Que beneficios vai reportar esa viaxe a Barcelona, porque ata o de agora ningún?”.

Responde o Sr. Alcalde que “polo menos agora sábese onde está Pol, polo menos no ámbito futbolístico. Xa que aínda o outro día estiveron varios directores deportivos de outros clubs grandes visitando as instalacións e non tardando haberá equipos que virán realizar a pretemporada. Veñen equipos a adestrar como o Riotorto, A Pastoriza, o Meira”.

Con todo, contesta Dona Dona María Blanca Fernández Martínez que “veñen gratis, que todo iso págano todos os polenses e que despois vai subir todos os impostos”.

- Comenta Dona María Blanca Fernández Martínez que ten mais preguntas. “¿A que se dedica a Fundación Amigos de Galicia para que o Concello de Pol lle de dous mil euros de subvención?”.

Responde o Sr. Alcalde que “nos traen alimentos para familias desfavorecidas e ímoslles a subir. A partir de aí veñen todos os meses cun furgón con comida e que soamente con dous mil euros non daríamos para atender a todas as familias desfavorecidas”.

Dona María Blanca Fernández Martínez só di que esa Fundación é privada e en ningún momento di que non se lle de nada ás familias, non trasgírveses as cousas e que como se decate de que nalgún sitio fai un comentario dese tipo, xa que simplemente solicitou información de quen é esa Fundación xa que eles a comida téñena gratis”.

- Esqueceuse Dona María Blanca Fernández Martínez de formúlala antes pero en relación á festa do Emigrante hai unha partida de case 5.000 euros para menús. A pregunta é “¿A canta xente convidouse?”

Responde o Sr. Alcalde que “se convidou a 60 persoas da Residencia, tamén se convidou a autoridades e estiveron os equipos de fútbol que xogaron ese día, o Villalbés ... e tal como está todo pois polo menos de 30 euros o menú nada, xa que non compras nada para comer”.

- Tamén se esqueceu Dona María Blanca de que “cando falamos da Sociedade Deportiva Pol, xustificas a subvención como promoción do deporte, e empezaron as categorías inferiores, con todo traer xogadores doutros sitios e non de Pol, pois non é promocionar o deporte, ¿Porque cantos xogadores de Pol hai no equipo?”.

Responde o Sr. Alcalde que “só hai un porque non queren vir para o Pol. Hai dous en Meira e non quixeron vir ao Pol e hai outros no Pastoriza que tampouco quixeron vir para o Pol”.

- E a pregunta que lle fan as portavoces tanto do BNG como do PP é “porque non queren vir ao equipo de Pol?”

Responde o Sr. Alcalde que “pode ser pola súa ideoloxía política, e que para a seguinte tempada imos ascender a preferente e que se lles pagará máis e viaxar por Pontevedra, por todo Galicia”.

E comentan as concelleiras que “xustamente os que están fóra do Pol non é por motivos políticos”.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Ademais comenta o Sr. Alcalde que “contaba con preguntas mais sensatas e mais importantes”. Comenta Dona María Branca “se se poden limitar o número de preguntas, que vai informarse de se pode facer iso, que se vai a decatar”.

Responde o Sr. Alcalde que “é o Presidente o que marca os pasos do Pleno”.

- Outra pregunta que formula Dona María Blanca Fernández Martínez é “que hai tres demandas e que quere saber a que se refiren e le os Decretos correspondentes”.

Contesta o Sr. Alcalde que “así de memoria non o sabe pero que cree que son tres demandas interpostas polas traballadoras de Axuda a domicilio, porque tiven a sorte de ter dúas ou tres traballadoras que o único que fan é revolver e que non conseguiron ningún obxectivo e o outro caso debe ser o da ordenanza da madeira. E xa tiña que mandalas á empresa privada e así que lles fixen eles as horas, porque non vou estar peleándome todos os días con esta xente que só saben revolver”.

- Pregunta Dona María Blanca Fernández Martínez que “outra demanda que se recibiu é un procedemento urbanístico como parte demandada o Concello de Pol e le o decreto”.

Responde o Sr. Alcalde que “está en mans dos servizos xurídicos da Deputación e que é pola famosa casa do demandante e que o noso técnico daquela podía facelo de forma distinta. E pasámoslle o expediente á Deputación e xa comparecesen no Xulgado onde toque. Pero estas demandas son normais, as de axuda a domicilio, as da madeira que no próximo pleno a ver se o temos resolto, xa que se publicou no Boletín da Provincia”.

Comenta Dona María Blanca Fernández Martínez que “é unha pena que se puxesen os plenos cada tres meses porque isto e infernal. É todo a golpe de decreto”.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

